

ENTREVISTA SEN PREGUNTAS DE JOAQUÍN LANA A JOAQUÍN LANA

de: Joaquín Lana joaquinlana@gmail.com
para: revista escénica Núa nua.esцена@gmail.com
data: 20 de marzo de 2012 11:54
assunto: Re: Hola
enviado por: gmail.com

RESPOSTA 1: hum...

RESPOSTA 2: Ben imos por partes:


RESPOSTA 3: Pensei que esta vez ía a vencer a miña fobia à escritura... hai uns anos escribía moito... agora son ágrafo... tamén estou cada vez máis anicónico...Que se lle vai facer...odio os "statements"... e moito máis las explicacións "sisudas"... o meu é como Iris, aquel proxecto de Dr. Benway...

RESPOSTA 4: Nunca (nin como Joaquín Lana en solitario, nin como Nice Girls Who Become Pornstars And Then Monsters ou Vore) hai un ensaio ou preparación... En NGWBPATM ou Vore, por exemplo, só nos vemos cando hai "show"... Non é só que non ensaiemos ou non preparemos as cousas... simplemente só nos vemos cando imos hacer algo... Mesmo as "letras" que escribo para Nice Girls (Joaquín Lana é pura glosolalia) no son máis que "áncora" para medir o tempo do "show"... costumaban ser misturadas, trituradas , esquecidas e/ou improvisadas cando chega a hora H.

RESPOSTA 5: No meu B.I. non pon Joaquín Lana. Joaquín é o meu segundo nome, Lana o segundo apelido do meu avó materno... Mr. Lana naceu no verán de 2006...

RESPOSTA 6: "King Cobra"... é "o lado chungo" de Joaquín Lana.

RESPOSTA 7: "O artista tamén coñecido como Joaquín Lana" teño editado algunhas cousas "estáticas"... nas que eu non participo máis que escribindo un código que é despois executado... Ás veces gravando o resultado, ás veces faciendo público o código, para ser executado...



RESPOSTA 8: As "notas" acostuman ser sempre iguais... son só pequenas "áncoras" (outra vez... sempre á deriva) para me axudar a ver o show antes de acontecer (e para lembrar que equipa vou levar), mais nada... esas notas axúdanme a "velo"... totalmente desde fóra, como un espectador... na miña cabeza... acontece un par de semanas antes da data indicada... acostumo informarme de como é o espazo... para velo todo con máis detalle... no final nunca suceden as cousas como un imaxina... nunca... sempre bebemos o suficiente como para que o descontrol estea asegurado... nunca, nunca, nunca falamos entre nós antes ou durante o show... nin sequera nos miramos... cada un fai o seu... e pronto... os comentarios post-show acostuman ser máis ben técnicos... non emitimos xiúzos de tipo ningún... esquivamos as palabras ben ou mal... o único que nos preocupa é ter soado "loud"...

RESPOSTA 9: A respecto do son, sempre experimentei o código que escribo antes de executalo... Por exemplo... agora estaba a escribir un sintetizador (ben, tres, dous FM e un granular, cun controlador externo)... para Nice Girls... pero iso non é máis que unha "etapa técnica"... até os sons que produce son valorados dunha forma "utilitaria"... simplemente para ver o acerto da implementación dos controis ou o rango de certas frecuencias...mais nada... É un "material inerte"... morto até o día no que se usa...sempre traballo/traballamos con munición real... non hai balas de fogueo... até o "sound check" é unha proba de que todo está ben e non hai nada roto...Ver a cantidade de ruído que cuspe a equipa... nada máis... simplemente regular volumes... O que sae dos cones sempre é ruído... nin siquiera falo diso como "son"... ruído... sempre a un volume altísimo (os técnicos de son ódiannos...xeralmente levo/llevamos amplis propios... para evitar escenas desagradabeis... como que che baixen ou corten o son no medio do barulho). Non hai preparación ningunha... hai mesmo un "desprezo voluntario" cara a calquera pretensión...

RESPOSTA 10.- Sí, os cadernos..ben...non é unha cousa linear... non remato un e continuo con outro... polo xeral fágoo aleatoriamente... e simultaneamente (como cando pintaba)... É un drop-in... Nun mesmo caderno pode haber notas de 2010 e de hai dous días... Acostumo revisalos a miúdo... hai pouco revisei un de 1988-1990 e outros dous de 2000... Cada vez que reviso un escribo no interior da capa a data e que tipo de revisión fixen... é dicir, se corríxín, si escribín algo novo ou se foi simplemente unha lectura... Sempre deixo durmir as ideas... Sempre lle estou a dar voltas ao mesmo... hai cousas que poden durmir dous, tres ou cinco anos... e despois "subir" á superficie... sempre hai algo en marcha.... até cando durmo...

x2 0000 x3 0000
 xZ000 ⊕ 000+1
 +1

12/03/12

8 12 2 (35) DARKSTAR
 6 3
 1 1
 15 16 2 (55) ~~FM3~~

0000

Re-build MIDI

Synth 2

White amp
 gate
 hiss per
 carrier
 phase

attack
 decay
 sustain
 release
 peak

filter
 filter Q

-!!!-

wire (black) (blue) (red) (green) (yellow) (purple) (brown) (pink) (grey) (white)

FM 2 16
 FM 1 8
 Scrambled 8

32

x.in value * 1000

000
 1000

white amp
 gate
 hiss per
 carrier
 phase

attack
 decay
 sustain
 release
 peak

filter
 filter Q

